



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E O CENTRO GALLEGO DE MONTEVIDEO PARA AS OBRAS DE INSTALACIÓN DO SISTEMA DE REDE DE INCENDIOS NO PARQUE SOCIAL E DEPORTIVO DE CARRASCO.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar co Centro Gallego de Montevideo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer o marco de colaboración entre as entidades asinantes para executar as obras establecidas no proxecto aprobado pola Dirección Nacional de Bombeiros relativas á instalación do sistema da rede de incendios no parque social e deportivo de Carrasco.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

O Centro Gallego de Montevideo é unha entidade sen ánimo de lucro, rexistrada como comunidade galega no rexistro da Galeguidade con 980 socios, dos cales cerca do 70% son galegos, cuxo obxecto é fomentar e estreitar os vínculos entre os galegos residentes na República Oriental do Uruguai, con Galicia e coa súa cultura, destacando sempre





polas súas actividades no terreo cultural e social. Este centro fundado no ano 1879, é o centro en funcionamento máis antigo do mundo e un dos centros históricos de referencia para a galeguidade.

A sede social foi construída en 1923 e é un dos pazos máis fermosos de Montevideo no que se atopa o teatro Valle-Inclán, a sala Rosalía de Castro, a biblioteca Concepción Arenal, a sala de lectura Castela, varias salas de reunións, de xogos e de ensaios, etc. No ano 1994 foi inaugurado o novo parque social e polideportivo na zona residencial de Carrasco que conta cun edificio social, importantes instalacións de recreo, campos de deportes, piscinas, etc.

O parque social e deportivo de Carrasco recentemente foi obxecto de inspección por parte das autoridades locais, detectándose a necesidade de adaptación de certas instalacións á normativa de bombeiros, de locais comerciais, alimenticia e de instalacións mecánicas e eléctricas, que acada a consideración de urxente ante o anuncio de levantamento de actas de sanción, coa ameaza de súa clausura no seu defecto.

Para regularizar a situación do centro e conseguir a habilitación que lle permita funcionar con normalidade e dentro da legalidade, e poder continuar desenvolvendo as actividades derivadas do seu obxecto social, resulta necesario acometer, con urxencia, as obras de instalación do sistema da rede de incendios establecidas no proxecto aprobado pola Dirección Nacional de Bombeiros.

Para o desenvolvemento das actividades obxecto do presente convenio, a Secretaría Xeral da Emigración achegará, con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018, unha contía de vinte e cinco mil euros (25.000 €) con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.781.0.

A Secretaría Xeral da Emigración, considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, baseándose





no disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non sendo posible promover a concorrência pública.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela a 28 de agosto de 2018.

